

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA  
13 DE AGOSTO DE 2004**

**CONCORRENTES**

**Presidente:**

Don José-María Laya Carril (CIM)  
Alcalde-Acctal.-

**Concelleiros**

Don Miguel Anxo Abreira Sobrado (BNG)  
Don Antonio Cortizas Rodríguez (PSOE)  
Don Juan José Herva Mallo (PP)  
Don José María Laya Carril (CIM)  
Dona María Rosario Manso López (CIM)  
Don Antonio Medín Pena (PP)  
Don José Paz Tenreiro (PP)  
Don Manuel José Pérez Martínez (PP)  
Don Luis Purriños Pena (CIM)  
Don José Manuel Rodríguez Vidal (CIM)  
Don Jesús Veiga Sabín (PP)  
Dona Eva María Vilariño González (CIM)

**Interventora:**

Dona Marta Roca Naveira.

**Secretario:**

Don Francisco Mateos Sastre

No salón de sesións da Casa do Concello de Miño, ás vinte horas do día trece de agosto de dous mil catro, logo da convocatoria para o efecto en legal forma, reúnese o Pleno deste Concello, en sesión pública ordinaria.

Preside o Sr. alcalde Acctal. don José María Laya Carril e asisten a totalidade dos concelleiros que de feito e dereito compoñen a Corporación: Don José Manuel Rodríguez Vidal; don Luis Purriños Pena; dona Eva María Vilariño González; dona María Rosario Manso López; don Jesús Veiga Sabín; don Juan José Herva Mallo; don José Paz Tenreiro; don Manuel José Pérez Martínez; don Antonio Medín Pena; don Miguel Anxo Abreira Sobrado e don Antonio Cortizas Rodríguez

Está presente a Interventora Municipal dona Marta Roca Naveira.

Dá fe do acto, o secretario titular don Francisco Mateos Sastre.

**1.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.-** Aberta a sesión pola Presidencia e non habendo observacións á acta da sesión anterior, correspondente o día 15 de xullo de 2004, queda aprobada por unanimidade:

**2º.- RESOLUCIÓNS ALCALDÍA.-** Dáse conta e quedan informados, das resolucións dictadas pola Alcaldía que estiveron a disposición dos señores concelleiros dende a convocatoria, dictadas dende a última sesión ordinaria, núms. 202/04 ao 307/04, relativas a aprobación de facturas, persoal, contratación, autorización de festexos, sancións de tráfico e outras e decretos de pagos núms. 12/04 ao 22/04 ambos inclusive.

**3º.- CONTAS XERAIS DO EXERCICIO 2.003.-** Dada conta do expediente tramitado para a aprobación da Conta xeral do exercicio 2003, na que se inclúen as correspondentes contas, balances, anexos e os seus xustificantes.

Vistos os informes favorables, o dictame da Comisión Especial de Contas e a certificación do resultado de exposición ao público no taboleiro de edictos do Concello, Boletín Oficial da Provincia núm. 123 do 1 de xuño de 2004, sen que se presentaran durante o prazo regulamentario ningún tipo de reclamación.

O Pleno do Concello, coa abstención do concelleiro representante do PSOE Sr. Cortizas Rodríguez e o voto favorable dos once membros restantes da Corporación presentes na sesión, polo tanto co quórum que esixe o art. 460 do Real decreto lexislativo 781/86, do 18 de abril, acorda a aprobación da Conta xeral deste Concello, correspondente ao exercicio de 2.003.

**4.- REGULAMENTO DE RÉXIME INTERNO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE MIÑO.-** Dada conta do Regulamento de réxime interno da Escola Infantil Municipal de Miño, do que se entregou unha copia aos grupos políticos que compoñen a Corporación.

Visto o informe favorable da Comisión Informativa de Asuntos Xerais; o Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar provisionalmente o Regulamento de réxime interno da Escola Infantil Municipal de Miño.

2º.- Expoñer ao público o dito regulamento durante o prazo dun mes, con inserción de anuncios no B.O. da Provincia e taboleiro de edictos do Concello, para oír reclamacións, o cal se elevará a definitivo se non se presentase, procedéndose á publicación íntegra deste no B.O. da Provincia en cumprimento do que dispón o art. 196.2 do ROF, entrando en vigor unha vez transcorrido o prazo previsto no art. 65.2 da Lei 7/85.

**5.- PREGO DE CONDICIÓNS DO CONCURSO PÚBLICO PARA ADXUDICAR A CONCESIÓN DOS SERVIZOS DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DE MIÑO.-** Dada conta do prego de condicións redactado para a explotación que ha de rexer na explotación da prestación do servizo público de Escola Infantil Municipal de Miño, e encontrándoo conforme e axustado ao que establece a lexislación vixente para o efecto.

Vistos os informes favorables e o dictame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais, o Pleno do Concello por cinco votos a favor dos compoñentes da CIM e a abstención dos restantes membros da Corporación asistentes á sesión acorda:

1º.- Aprobar o prego de condicións e cláusulas de explotación que rexerá o concurso público para a adxudicación do servizo público de Escola Infantil Municipal de Miño.

2º.- Que se expoña ao público polo tempo regulamentario e ao mesmo tempo se anuncie a convocatoria do concurso, que se suspenderá se se presentan reclamacións ata a súa resolución polo Pleno.

O concelleiro Sr. Veiga do PP, solicitou que formasen parte da mesa de contratación un representante de cada un dos grupos políticos da Corporación e o concelleiro do BNG Sr. Abraira Sobrado pregunta se a constitución da mesa corresponde ao Sr. alcalde; contestándolle o Secretario que lle corresponde ao órgano que teña atribuída a competencia sobre o contrato.

**6.- LICENZAS DE AUTO-TURISMO.-** De acordo todos os grupos políticos da Corporación, retírase da orde do día este asunto.

**7.- ORDENANZA DE TAXAS POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DO CENTRO DE EDUCACIÓN INFANTIL MUNICIPAL DE PREESCOLAR.-** En cumprimento do disposto nos artigos 15.1 e 17.1 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e vistos os informes técnicos-económicos a que se refire o art. 25 do mesmo texto legal, e o dictame favorable da Comisión Informativa de Facenda, o Pleno do Concello acorda por unanimidade:

1º.- Aprobar provisionalmente a imposición da taxa pola prestación do servizo do centro de educación municipal de preescolar e a ordenación desta nos termos regulados na ordenanza fiscal que se conteñen no texto anexo.

2º.- Expoñer ao público este acordo e a Ordenanza fiscal, tal como preceptúa o art. 17.1 e 2 da mencionada lei.

3º.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentan reclamacións e continuar o expediente ata a súa conclusión, de acordo co procedemento previsto no art. 17.4 e 5 da repetida lei.

4º.- A referida ordenanza entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia.

**8º.- CONTROL DO EQUIPO DE GOBERNO.- MOCIÓNS.-** O concelleiro Sr. Veiga sabín, manifesta que por respecto e dadas as circunstancias desagradables que

concorren ao non estar presente o Sr. Alcalde titular por falecemento da súa esposa, o seu grupo non presenta MOCIÓN NINGUNHA. En parecidos termos se expresan os representantes do PSG-PSOE e BNG e o Sr. alcalde acctal. exprésalles o seu agradecemento.

**9º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Non se formularon.

Non habendo máis asuntos, a Presidencia levanta a sesión ás vinte horas e corenta minutos, redactándose a presente acta, de todo o cal, eu o Secretario dou fe.

O presidente acctal.

O secretario,